

RENACEMENTO - CINQUECENTO

OBRA: **CAPELA SIXTINA (BÓVEDA)**

ESTILO: Renacemento (Cinquecento)

AUTOR: **MIGUEL ANXO BUONARROTI**

TEMA: Relixioso

CRONOLOXÍA: 1508-1512

TÉCNICA: Fresco

LOCALIZACIÓN: Capela Sixtina (Vaticano)



O AUTOR

Miguel Anxo Buonarroti (1475-1564) foi o máis completo dos artistas que deu Florencia durante o Renacemento. Iniciouse na arte a través da pintura xa que aos trece anos seu pai colocouno de aprendiz no taller de Ghirlandaio, onde aprendeu a técnica do fresco e de quen tomou a paleta brillante de amarelos azafranados, carmíns, verdes e azul ultramar, pero as súas preferencias inclinábanse naturalmente cara á escultura. Foi alumno da escola de escultura que Lorenzo de Médici subvencionaba, onde puido aprender directamente dun discípulo de Donatello e estudar numerosas obras da Antigüidade clásica. Ao longo da súa vida entra no terreo da arquitectura, construíndo, entre outras importantes obras, a cúpula de San Pedro do Vaticano.

Aprendeu o esplendor plástico da figura contemplando os vigorosos e dramáticos mestres do pasado, como Giotto e Masaccio. Tamén grazas á observación do natural e aos estudos de anatomía diseccionando cadáveres no Hospital do Espírito Santo. Deste dominio do debuxo do corpo humano nacerán as súas obras mestras.

Nos anos de formación de Miguel Anxo neoplatonismo era a corrente filosófica dominante. O aspecto máis destacable desta corrente é o da importancia da “idea”. Por *idea* entendían o “modelo” dunha cousa, ou estado perfecto desa cousa. Cando Miguel Anxo afirma que a escultura xa existe dentro da pedra; está a destacarnos a importancia capital da idea preexistente, máis importante que apropiada escultura en si.

ANÁLISE E COMENTARIO

Francesco della Rovere, elixido Papa co nome de Sixto IV (1471), deu un gran impulso ao programa de consolidación e monumentalización do Vaticano. A súa achega máis importante foi a demolición da vella “Grande Cappella” e a construción, no mesmo lugar e para as mesmas funcións, dun edificio novo que, co tempo, coñeceríase polo nome do Papa, como *Capela Sixtina*. Entre 1508 e 1512, Miguel Anxo realizou na bóveda da devandita capela a súa obra pictórica máis soada, encargada por Xulio II.

Estrutura arquitectónica do conxunto. A bóveda de canón mide 36 mx13 m. Miguel Anxo organiza o espazo simulando dez arcos de faixa que dividen a bóveda en nove tramos atravesados por dúas falsas

cornixas que producen a partición de cada tramo en tres rexistros. Para evitar a monotonía alternou dúas medidas dos rectángulos centrais e para levantar ópticamente o teito, imaxinou un conxunto artellado por grandiosas pilastras finxidas e pendentes e lunetos triangulares que enlazan cos muros laterais. Para realizala, o artista utilizou dous métodos:

1. Os elementos arquitectónicos están pintados en *trompe-l'oeil*, coma se fosen de vulto e tratando de enganar ao ollo do espectador situado debaixo da bóveda.
2. As escenas pintadas nos recadros rectangulares ou circulares formados polos arcos están pintadas para que o ollo as vexa como pinturas.

En sentido ascendente, pasando desde o muro ata o eixo lonxitudinal da bóveda, podemos distinguir **tres zonas**:

- Na **primeira** sitúanse os lunetos e as pendentes. Tanto uns coma outras deben verse como unha continuación vertical do muro; os lunetos son reais e as pendentes finxidas.
- A **segunda** zona está separada da primeira pola liña zigzagueante que forman os triángulos curvilíneos das pendentes, unha liña pintada en *trompe-l'oeil* con molduras arquitectónicas. Fisicamente ocupa a superficie dos segmentos descendentes da bóveda que quedan entre as pendentes. Ópticamente debe verse coma se fose unha superficie vertical, aínda que situada nun plano atrasado respecto da superficie pintada do muro que está debaixo. Toda esta zona debe considerarse como un *trompe-l'oeil* mixto, composto por elementos arquitectónicos e escultóricos e seres reais, vivos (os videntes: profetas e sibilas, e os *ignudi*).
- A **terceira** zona está formada pola franxa central da bóveda, unha sucesión de escenas pintadas dispostas transversalmente respecto da capela. Ópticamente debe verse como unha zona mixta, na que uns arcos de faixa pintados de *trompe-l'oeil* separan uns rectángulos pintados convencionalmente. Tomando calquera das escenas antes mencionadas, faise evidente o rigor da limitación do vocabulario de Miguel Anxo ao corpo humano e só ao corpo humano. Os fondos paisaxísticos son case inexistentes, e o espazo en que se desenvolven as accións non se concreta. En todas elas manifestase poderosamente a enerxía do debuxo miguelanxelesco e a súa primacía sobre a cor.

Contido iconográfico. Miguel Anxo compartimentou o espazo rectangular do centro en nove tramos, separados por espidos, onde narra *A Creación e a Caída do home*, tal como figura no Xénese. Os cinco rectángulos centrais, de menor escala, están flanqueados polos *Ignudi* que sosteñen dez xigantescos medallóns de bronce nos que se pintan escenas do Antigo Testamento que serven de complemento ás narradas nos paneis principais. A función destes *Ignudi* non queda clara, aínda que pode tratarse da expresión plástica do antropocentrismo do Renacemento, é dicir, considerar ao home como medida de todas as cousas, pero tamén, nun significado máis profundo, os espidos poderían aludir á situación de pecado en que se atopaba o mundo antes da chegada de Cristo. Están realizados con potentes anatomías e todos presentan unha actitude diferente, con gran variedade no xogo de brazos e pernas, inclínanse cara atrás ou cara adiante nunha liberdade total.

Entre os lunetos sitúa as figuras a maior escala dos sete Profetas bíblicos e as cinco Sibilas (profetisas das mitoloxía grega e romana) que na Biblia e na mitoloxía pagá anunciaron a chegada de Cristo. Ocupan os espazos triangulares e son as figuras máis grandes de toda a obra, sentados en tronos de mármore, rodeados de dous piares e dúas columniñas, onde hai pintadas esculturas simuladas de amorciños espidos. Nas pendentes da bóveda relátanse episodios da loita de Israel pola liberdade, desde David e Goliat ou Judith ata a serpe de bronce e o castigo de Amán. Nos oito lunetos están os antepasados de Cristo segundo o Evanxelio de Mateo, son grupos menos dramáticos e con estes frescos complétanse as trescentas figuras que compoñen toda a representación da bóveda da Capela Sixtina. Situados na mesma franxa onde se atopan as representacións dos profetas e as sibilas, sobre os triángulos cos antepasados de Cristo, Miguel Anxo pintou unhas figuras en parellas de espidos simulando bronce. Estas figuras crese que simbolizan aos demos e están separadas entre elas por un cranio de carneiro, símbolo da morte e do pecado. Todas as parellas atópanse en posicións diferentes.


Na parte central da obra encóntranse a serie de escenas do Xénese que son as que captan maior atención por parte do público pola súa gran fama. Estas escenas pódense agrupar de tres en tres: as tres primeiras falan da creación do mundo; as tres seguintes da creación do home e a súa expulsión do paraíso; e as tres últimas ilustran a vida de Noé. As escenas están colocadas na orde inversa, xa que ao entrar na capela, as primeiras son as que tratan sobre Noé.

Creación dos astros e prantas. Representáanse o tercer e o cuarto día da Creación, a figura de Deus debuxada dunxeito no que se nota a preocupación polos contornos e a anatomía máis que a paisaxe do fondo. Aparece de costas creando as prantas e o que está de fronte crea os astros cunha expresión que caracteriza completamente a *terribilità* de Miguel Anxo. Quizáis a presenza de Deus tanto de costas como de fronte en momentos distintos da súa obra amosa a omnipresencia do Creador.



Separación das terras e mares. Aparece Deus nun gran escorzo rodeado de *ignudi* adolescentes espidos que poderían significar a unión entre o humano e o divino. Tamén poderían representar os *putti* do S.XV que tiñan a obriga de soste blasóns, neste caso os medallóns como o que podemos observar e agora sosteñen os espidos de Miguel Anxo, que representan dez escenas bíblicas pintadas da cor do bronce sacadas do Antigo Testamento. Os *ignudi* están realizados cunhas potentes anatomías, todos cunha actitude diferente, cunha gran variedade no xogo de pernas e brazos inclinados cara adiante e atrás nunha liberdade total, cunha clara relación entre os conceptos platónicos da beleza e o Eros.

Creación de Adán. Quizáis sexa a pintura máis coñecida de toda a Capela. Representábase a Deus creando a Adán, destacando o ton rosa violáceo de Deus ante os claroscuros do seu redor, así como a cinta de cor verde que chama a nosa atención. O seu movemento alargando o corpo cara a Adán para darlle a vida provoca unha sensación de enerxía e dinámica única. Adán, pola contra, amosa unha beleza soberbia nunha harmonía exasperante. A *potencialidade* e a *terribilità* miguelanxelesca aparecen claramente nesta escena.



O diluvio. Destaca ante todo o gran esforzo posto sobre os corpos humanos a diferenza da paisaxe do fondo, como xa puidemos apreciar noutras escenas. Miguel Anxo representou a escena con gran dramatismo xa que se poden apreciar os detalles nos rostros que indican a angustia e o horror ante os elementos da natureza; as figuras en posición moi diversas amosan escorzos violentos.

Trazos de estilo. Algunhas escenas (a de Xonás e a balea e a de Amán Crucificado), caracterizadas polos seus magníficos escorzos, resaltan o virtuosismo técnico alcanzado polo artista. O dinamismo chega á súa plenitude e o colosal non é só o seu mundo de xigantes de músculos tensos senón ata as dimensións dunha obra tan vasta e pintada en condicións tan particulares de postura e iluminación. Nesta obra atópanse todas as raíces do manierismo: os xigantes que se moven con formidable impulso carecen de suficiente espazo e a atmosfera adquire certa sensación de angustia. É un mundo dramático, ben diferente do equilibrio e o optimismo do home do primeiro Renacemento.

Conclusión: novidade e grandiosidade do conxunto, completo estudo da figura humana en anatomía e expresión, ausencia de elementos anecdóticos, variedade e complexidade compositiva, dominio da perspectiva, potencia do debuxo, encadre e simulación arquitectónica de total atrevemento que imprime unha especial tensión e dramatismo que envolve ao espectador, gran riqueza cromática e emprego de cores complementarias. En conxunto, a bóveda da Capela Sixtina integra todos os elementos figurativos nunha síntese das tres artes maiores e resume toda a Historia da Salvación a través de episodios significativos do Antigo Testamento.